



INFORME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO DO POLO QUE SE MODIFICA O DECRETO 104/2012, DO 16 DE MARZO, POLO QUE SE FIXA A FORMACIÓN MÍNIMA DOS SOCORRISTAS ACUÁTICOS E SE CREA E REGULA O REXISTRO PROFESIONAL DE SOCORRISTAS ACUÁTICOS DE GALICIA

Esta Secretaría Xeral Técnica, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, e logo de examinar o *“Proxecto de Decreto polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia”*, emite o seguinte,

INFORME

1. Marco normativo e competencial

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece no seu artigo 25.2 que “O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: [...] f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios”. Así mesmo, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, prescribe no seu artigo 80.2 “O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma nas seguintes materias: [...] a) A seguridade en lugares públicos.

O Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o rexistro profesional de socorristas acuáticos de Galicia constituíu unha primeira regulación da formación mínima dos/as socorristas acuáticos/as e o seu Rexistro Profesional na Comunidade Autónoma. A regulación inicial foi modificada polo Decreto 35/2017, do 30 de marzo, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia .





2. Necesidade e oportunidade

A referida normativa estableceu a ordenación da habilitación profesional e principalmente, entre outras, regula o seu obxecto, ámbito de aplicación e definicións, requisitos profesionais, inscrición, formación mínima e rexistro, establecendo uns novos altos estándares de calidade e capacitación para o desenvolvemento da profesión de socorrista en Galicia, ao esixir estar en posesión da cualificación profesional de socorrismo en instalacións acuáticas, ou/e da cualificación profesional de socorrismo en espazos acuáticos naturais, dependendo do ámbito en que vaian desenvolver a súa actividade.

As referidas garantías de presente e futuro dunha axeitada prestación de servizos de calidade, esixían e esixen xestionar o cambio incorporando transitoriamente aos profesionais formados ao abeiro da situación anterior a entrada en vigor do Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que mediante a disposición transitoria única e durante o período transitorio de 5 anos permitíase garantir a obtención por parte das persoas interesadas da acreditación das unidades de competencia da cualificación profesional correspondente, e poderíanse inscribirse de forma provisional no Rexistro Profesional de Socorristas de Galicia as persoas que, no momento da entrada en vigor desta normativa cumprisen cos requisitos da referida disposición transitoria

Deste xeito, cunha planificación de futuro, de presente e da realidade social, en resumo, regulábase a formación mínima e a transitoriedade, que constituíron durante estes anos eixos principais da profesión de socorrista.

Non obstante, durante o tempo de vixencia do actual Decreto 104/2012, do 16 de marzo, púxose de manifesto a necesidade de ampliar o prazo para que aos profesionais formados con anterioridade á actual regulación se lles garanta a posibilidade da obtención da cualificación ou formación profesional correspondente; en coherencia co dito, o decreto 35/2017, do 30 de marzo, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, incluía unha disposición transitoria segunda, que prorrogaba por un prazo de 4 anos o período transitorio de 5 anos establecido no parágrafo primeiro da disposición transitoria única do Decreto 104/2012, do 16 de marzo, finalizando o período transitorio establecido no Decreto 104/2012, do 16 de marzo, o 10 de abril de 2021.





Por mor da emerxencia sanitaria derivada do COVID-19 que estamos a vivir dende xaneiro do ano 2020 e que sigue a xerar unhas expectativas temporais moi incertas, nin a Academia Galega de Seguridade Pública por unha parte, nin as entidades acreditadas por outra, puideron completar a programación prevista inicialmente dos cursos destinados a obtención da formación mínima para aquelas persoas interesadas en inscribirse dunha forma definitiva no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.

3. Estrutura e contido

O presente proxecto de decreto consta dun artigo único polo que se modifica a Disposición transitoria primeira do Decreto 140/2012, do 16 de marzo: Prórroga do prazo da inscrición provisional.

Conta así mesmo cunha dúas disposicións derradeiras: a primeira referida ao desenvolvemento normativo e a segunda adicada a regular a súa entrada en vigor.

4. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta debe acomodarse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA).

Consta o acordo previo de inicio do procedemento de elaboración da dita disposición asinado pola persoa titular da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo (art. 41.1 da LOFAXGA).

Así mesmo, a Academia Galega de Seguridade Pública, centro directivo impulsor remitiu ao Servizo Técnico Xurídico o borrador da disposición acompañado dos seguintes documentos:





- Unha memoria xustificativa da non necesidade de consulta pública previa (artigo 41.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro e 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común
- Unha memoria xustificativa (artigo 41.3 a) da LOFAXGA)
- Unha memoria económica (artigo 41.3 b) da LOFAXGA)
- Unha táboa de vixencias (artigo 41.3.d da LOFAXGA)
- Unha memoria xustificativa complementaria

Unha vez recibida a documentación e, logo do seu estudo, o Servizo Técnico- Xurídico da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, elaborou o preceptivo informe (artigo 41.3 c) da LOFAXGA)

Seguidamente, o Servizo Técnico-Xurídico obtivo a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto pola persoa titular da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo (artigo 41.4 da LOFAXGA).

Unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto, esta publicouse na páxina web da Consellería, na relación dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en curso, indicando o seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de facelo (artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e artigo 41.5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Dada a urxencia na tramitación deste proxecto normativo o prazo para a presentación de suxestións foi de 7 días hábiles.





Do mesmo xeito, dado que no proxecto de decreto concorren razóns graves de urxencia e interese público e que non impón obrigacións relevantes aos destinatarios e regula aspectos parciais dunha materia, non se estimou necesaria a apertura do período de audiencia e información pública previsto no artigo 42.5 da LOFAXGA.

Posteriormente o Servizo Técnico-Xurídico solicitou os informes dos órganos e unidades administrativas que debían pronunciarse sobre o texto do proxecto.

De conformidade co disposto no artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, foi preciso solicitar informe económico-financeiro á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

Ao tratarse dunha disposición administrativa de carácter xeral que puidera ter repercusións en cuestións de xénero ao abeiro do disposto no artigo 8 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e do artigo 42.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, resultou preciso requirir informe sobre o seu impacto de xénero.

Así mesmo, solicitouse o informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.

Ademáis, en aplicación do disposto no artigo 42.9 da LOFAXGA, foi necesario solicitar informe de impacto demográfico ao órgano de dirección competente en materia de dinamización demográfica.

O 14 de abril, a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa informa que non procede o seu pronunciamento sobre o fondo do asunto.

A Dirección xeral de Planificación e Orzamentos emitiu o seu informe favorable o 15 de abril.

A Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica informa o 15 de abril que non fai observacións dende o punto de vista do impulso demográfico, xa que se adica a modificar aspectos da formación mínima dos socorristas acuáticos e do Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.





O 19 de abril achega o seu informe a Secretaría Xeral da Igualdade indicando que non presenta unha colisión directa coa normativa en materia de igualdade por razón de xénero.

Finalizada a fase de documentación e consulta recollida previamente, o proxecto someteuse a informe da Asesoría Xurídica Xeral, que se pronunciou sobre cuestións de legalidade e técnica normativa, segundo o disposto no artigo 43.1 da LOFAXGA, emitindo o seu informe favorable o 21 de abril de 2021.

Co fin de adecuarse ao informe da Asesoría Xurídica, a AGASP remite o texto definitivo do proxecto engadindo unha disposición derradeira pola que se faculta á persoa titular da consellería competente en materia de emerxencias, interior e seguridade para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento do decreto no relativo á organización e materias propias do seu departamento.

5. Legalidade

Dado que non se trata de ningún dos supostos recollidos no artigo 12 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, non se estimou necesario solicitar ditame ao Consello Consultivo de Galicia.

Finalmente, obtérase a aprobación definitiva do proxecto por parte da persoa titular da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo ao abeiro do artigo 43.3 da LOFAXGA.

Seguidamente, o proxecto someterase á Comisión de Secretarios Xerais previa á súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, de conformidade co dito artigo 43 da LOFAXGA.

De acordo co indicado considérase que o proxecto de *“Proxecto de Decreto polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia”*, reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se informa favorablemente o mesmo.





A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica, logo de ver a proposta da vicesecretaría xeral da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, considera que o proxecto de decreto sometido a informe se axusta á legalidade vixente, polo que o **informa favorablemente** (artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro).

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2021

A secretaria xeral técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo

